



Orde do 28 de outubro de 2021 publicado no DOG Nº 218, do venres 12 de novembro de 2021 (pax. 55791 ata 55.803).

DESTINATARIOS:

- Alumnado que no curso 2021/22 estea matriculado en Educación Primaria

SOLICITUDES:

- Non ten que presentar solicitude o alumnado beneficiario da axuda de material escolar no curso 2021-22.
- Ten que presentar solicitude o alumnado que non foi beneficiario da axuda de material escolar no curso 2021-22 que cumpra algunha das seguintes condicións:
 - Que pertenza a unha familia cunha renda per cápita igual ou inferior a 6000€ (para este cálculo sumaranse os recadros 435 e 460 da declaración fiscal do ano 2019 e dividirse o resultado entre os membros da unidade familiar a 31/12/2019).
 - Alumnado matriculado en educación especial.
 - Alumnado suxeito á tutela ou garda de Xunta de Galicia.
 - Alumnado cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65%.
- A solicitude entregarase de forma presencial no centro educativo (horario de 9:40 a 13:30).
- O prazo de presentación é do 15 de novembro ata o 26 de novembro de 2021.

DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR

- Fotocopia do libro de familia onde figuren todos os membros da unidade familiar.
- En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.
- Excepcionalmente, poderase acreditar o número de membros da unidade familiar utilizando algún dos seguintes medios:
 - Certificado ou volante de convivencia.
 - Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familiar.
- No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, deberán achegar o certificado acreditativo do grao de discapacidade, agás que fose emitido pola Xunta de Galicia, que só se presentará se non autoriza expresamente a súa verificación.
- No caso de situación de violencia de xénero documentación acreditativa.

RECOLLIDA DAS MASCARILLAS

- Publicarase a lista de axudas concedidas o día 30 de novembro de 2021 e a lista definitiva de axudas concedidas o día 2 de decembro de 2021 no taboleiro de anuncios situado no interior do recinto escolar.
- Virá a recoller as mascarillas un adulto os días 3, 9, 10 de decembro de 2021 en horario de 9:40 a 13:30. Terán que asinar un recibí de recollida.

Santa Comba a 15 de novembro de 2021

A directora

Asdo. María Dolores Nieto Caamaño

